



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 6 DE XUÑO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as doce horas e trinta minutos do día seis de xuño de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**

Non asisten os concelleiros Sr. Español Otero e Sra. Magallanes Álvarez.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Vista a Orde de 22 de maio de 2014 da Consellería de Traballo e Benestar pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercizo do ano 2014, a Xunta de Goberno Local acorda acollerse a esta orde e solicitar unha axuda para a contratación de 1 patrón de embarcación e 6 socorristas por un periodo de 2 meses e medio.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MAIO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de MAIO de 2014 cuio importe total ascende a cantidade de 835,88 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Lese o escrito RE 5.717 de data 22 de outubro de 2013, presentado por D. J.C.F.M. con enderezo na rúa Sete Camiños, nº 16 solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Sete Camiños, nº 16.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.031 de data 18 de setembro de 2013, presentado por D^a. L.F.C. con enderezo na rúa Bechos, nº 37 solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Bechos, nº 37.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 1º trimestre do ano 2014 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2014 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 3.161 de data 5 de xuño de 2014, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 14 de xuño vai celebrarse no porto de A Guarda a regata XVI Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun tolde para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local e o responsable do departamento de servizos para que instale o palco.

Lese o escrito RE 2.966 de data 29 de maio de 2014, presentado por D. JOSÉ ALBERTO GONZÁLEZ VICENTE, a efectos de notificacións na rúa Manuel Alvarez, nº 8-2ºB da Guarda, actuando como administrador do Edificio Calvario, nº 49, solicitando a instalación duns bolardos na saída do garaxe deste edificio así como o



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

pintado en amarelo dunha franxa suficiente que prohiba o estacionamento dentro das marxes normais de maniobra.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará á súa petición.

Lese o escrito RE 3.054 de data 3 de xuño de 2014, presentado por ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE, con enderezo na Praza da Centinela, s/n de Oia, solicitando a colaboración da Policía Local e Protección Civil para o desenvolvemento da II Marcha Cicloturista do Baixo Miño –Val Miñor o día 27 de xullo de 2014 que vai transitar, entre outros, por este Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado deste escrito á Policía Local.

PUNTO 2.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

- EXPEDIENTE: 1.427/2014.- D. MANUEL ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 187,00 m². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA MIXTA POR POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO SOBRE BARDOS EXISTENTES E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX., DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ N^o. 7, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.917/2014.- D^a. MARÍA DEL CARMEN SARACHO NUÑEZ, PARA TAPIADO DE VENTÁS DA PLANTA ALTA E REPARAR GOTEIRAS DO TELLADO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE FERNÁNDEZ ALBOR N^o. 29, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 3 DO P.X.O.U. - P.E.R.I. N^o. 8).
- EXPEDIENTE 2.510/2014.- ALCÁNTARA-VGO-SLNE REPRESENTADO POR D. JAVIER ALCÁNTARA MORALES, PARA MELLORAS DE SEGURIDADE DO RECINTO DA INSTALACIÓN DO CENTRO DE ALMACENAMENTO DE GLP, CONSISTENTE EN INSTALAR NOVO PECHE DE REDE ELECTROSOLDADA ENMARCADA CON CORONACIÓN DE ARAME DE ESPIÑO E MONTAXE DE CÁMARAS DE SEGURIDADE ALIMENTADAS POR PANEIS SOLARES E EQUIPADAS CON DETECTORES DE MOVEMENTO, SITUADO NA AVDA. DE SANTO DOMINGO DE GUZMÁN "CASTELO DE SANTA CRUZ", EN SOLO URBANO (ORDENANZA DE EQUIPAMENTOS DO S.U.P. N^o. 4 DO P.X.O.U.),



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- EXPEDIENTE 2.513/2014.- D^a. MARÍA DEL CARMEN GONZÁLEZ ÁLVAREZ, PARA CONEXIÓN A REDE DE SUMIDOIROS A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE COSTA DOS SOLDADOS N^o. 12, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL “BAIXADA Á PRAIA DO MUIÑO” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).
- EXPEDIENTE 1.488/2014.- D^a. MANUELA PANTALEÓN CADILLA, PARA REPARAR FENDA EN FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CALVARIO N^o. 60, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- LICENZAS DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D. RICARDO DORADO TREINTA (RE 2.642 de 16/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN (EPIG. 653.4) situado na rúa de Galicia, n^o 56-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. RICARDO DORADO TREINTA licenzia municipal n^o 16/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN (EPIG. 653.4) situado na rúa de Galicia, n^o 56-baixo da Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D^a. MARIA DEL CARMEN CAMPOS SANTIAGO (RE 2.964 de 29/05/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS SERVIZOS DE ALIMENTACIÓN E RESTAURACIÓN (EPIG. 677.9) situado na rúa de Galicia, n^o 15-baixo 2.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. M^a DEL CARMEN CAMPOS SANTIAGO licenzia municipal n^o 17/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS SERVIZOS DE ALIMENTACIÓN E RESTAURACIÓN (EPIG. 677.9) situado na rúa de Galicia, n^o 15- de A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. MANUEL ALVAREZ GONZÁLEZ (RE 2.512 de 12.05.2014), para o local dedicado a actividade de ARTES GRÁFICAS -IMPRESIÓN GRÁFICA (Epíg. 474.1) sito na rúa de Transversal Enrique M^a Sesto, n^o 10-baixo que antes figuraba a nome de GRAFICAS LA GUARDIA, S.L.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. MANUEL ALVAREZ GONZÁLEZ cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de GRÁFICAS LA GUARDIA, S.L. para o local dedicado a actividade de ARTES GRÁFICAS – IMPRESIÓN GRAFICA (Epíg. 474.1) sito na rúa de Transv. Enrique M^a sesto, n^o 10-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. AIDAN LIN (RE 2.290 de 30.04.2014), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTICULOS NOUTROS LOCAIS (Epíg. 662.2) sito na rúa de Concepción Arenal, n^o 10-baixo que antes figuraba a nome de FEIYAN CHEN.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. AIDAN LIN cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de FEIYAN YEN para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTICULOS NOUTROS LOCAIS (Epíg. 662.2) sito na rúa de Concepcion Arenal, n^o 10-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. JUAN MANUEL JUSTO NOYA (RE 2.824 de 23.05.2014), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR CARNICERÍAS (Epíg. 642.4) sito na rúa de Concepción Arenal, n^o 81-baixo que antes figuraba a nome de JOSE ANGEL VERDE MOREIRA, C.B.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. JUAN MANUEL JUSTO NOYA cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de JOSE ANGEL VERDE MOREIRA, C.B. para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR CARNICERÍAS (Epíg. 642.4) sito na rúa de Concepción Arenal, nº 81-baixo de A Guarda.

Sendo as trece horas e quince minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.